

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2017/01

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 24 de xaneiro de 2017

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **24 de xaneiro de 2017** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández.

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D. David Fernández Feijoo

Dª Aurora González Ginzo (excusa ausencia)

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

De xeito previo o Sr.Alcalde excusa a ausencia comunicada da Concelleira do PSG-PSOE D^a Aurora González Ginzo.

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE PLENO ORDINARIO DE 22/09/2016 EXTRAORDINARIO DE 26/10/2016, ORDINARIO DE 8/11/2016 E EXTRAORDINARIO DE 20/12/2016.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ao epígrafe nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Interven o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Fernández Feijoo que manifesta que *na acta do Pleno ordinario de 8 de novembro de 2016, na páxna 12 no segundo parágrafo, os apelidos da súa compañeira están intercambiados xa que é Gonzalez Ginzo en vez de Ginzo González.*

Igualmente na mesma acta sinala que na páxina 17 se pon en boca da Concelleira do PSG-PSOE unha frase que non dixo e que cree que foi do Concelleiro do Grupo Popular Sr.García Suárez, concretamente: “A Concelleira sinala que él si que ten problemas, xa que ten que levar unha señora maior e teñen que ir dúas persoas, unha para baixala e outra para ir aparcas, xa que xa foi multado con 80 € por aparcas mal.”

A Corporación por unanimidade acorda que se revise a mesma no senso indicado e coas correccións que procedan prestar aprobación á acta do Pleno Ordinario de 8 de novembro de 2016.

Acordase igualmente, por unanimidade dos membros presentes, prestar a súa aprobación sen modificacións, adicións ou enmenda algunha respecto do resto das actas sinaladas de datas 22 de setembro, 26 de outubro e 20 de decembro de 2016.

2.-EXPEDIENTE 4174/2016 RELATIVO Á RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO PSG-PSOE D. DAVID FERNÁNDEZ FEIJOO E DOS TRES SEGUINTE DA LISTA DO PSG-PSOE ÁS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2015.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do escrito de renuncia por vontade propia ao cargo de concelleiro do Grupo Municipal Socialista formulado, con data 26/12/2016, por don David Fernández Feijoo.

Igualmente dos escritos presentados no Concello coa mesma data polos seguintes da Lista do PSG-PSOE ás eleccións municipais de 2015, don Camilo José Vázquez Corveiras, D.Ramón Angel Coto Longarela e Dona Maria Paloma Díaz Andina, renunciando por vontade propia a tomar posesión da acta de concelleiro/a que lle correspondería, no seu caso, como seguinte da lista de referencia.

Por Secretaría se sinala que procederá, unha vez se adopte acordo de aceptación polo Pleno, o envío á Xunta Electoral Central indicando o nome da persoa que corresponde cubrir o posto, seguinte da lista electoral que será o candidato núm. 7 da lista do Partido Socialista de Galicia -PSOE- ás eleccións municipais de maio de 2015 (BOP de Lugo num. 090 de 22/04/2015) dona Cristina LOSAS SORIA.

A Comisión dase por enterada.”

A Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda:

1º.A toma de coñecemento da renuncia formulada por don David Fernández Feijoo ao cargo de Concelleiro do PSG-PSOE no Concello de Ribadeo.

2º.A toma de coñecemento da renuncia formulada polos tres seguintes candidatos da lista do PSG-PSOE ás eleccións municipais de 2015 don Camilo José Vázquez Corveiras, D.Ramón Angel Coto Longarela e Dona Maria Paloma Díaz Andina.

3º.Solicitar que se proceda á substitución conforme ao disposto na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral expedíndose credencial correspondente a favor do membro seguinte da lista do Partido PSG-PSOE, núm. 7 da mesma, segundo BOP de Lugo num. 090 de 22/04/2015, dona Cristina LOSAS SORIA como persoa á que corresponde cubrir a vacante a tenor das renuncias formuladas.

4º.A remisión do presente acordo con copia dos escritos de renuncias á Xunta Electoral Central aos efectos expresados.

3.- EXPEDIENTE 79/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 14 DO I.C.I.O.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía obrante no expediente relativa ao asunto epigrafiado.

Promóvese deliberación entre os diferentes membros.

Sínálase a conveniencia de incluír unha cláusula do seguinte tenor:

“En caso de que alguha partida dunha obra non atope un encadre directo nas distintas

unidades aquí establecidas, aplicaráselle a tarifa que mais se aproxime ou asimile aos supostos tipificados”.

Rematada a deliberación a Comisión informativa por cinco votos a favor (dos membros dos Grupos BNG) e catro abstencións dos membros do Grupo Popular, Socialista e Mixto acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada nos seus propios termos co engadido da cláusula sinalada anteriormente, para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.

Por parte da portavoz do Grupo Mixto Sra.Sainz García maniféstase a súa abstención.

O portavoz do Grupo Popular Sr. López Penabad manifesta que lle parece unha limitación á liberdade dos profesionais para facer presupostos de obras e que semella inxusto.

O Sr.Alcalde sinala que non estivo na Comisión pero que do que se trata é de tratar a todo o mundo por igual pagando polo módulo que se establece e que ten unhos parámetros axustados á baixa.

O Concelleiro Sr. Castro Reigosa sinala que se trata de evitar a picaresca.

Sometido a votación, acórdase, en votacion ordinaria por dez votos a favor (dos membros do Grupo do BNG), unha abstención do Grupo mixto e catro votos en contra do Grupo Popular, prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa nos propios termos do mesmo.

4.- EXPEDIENTE 78/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA T10 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía obrante no expediente relativa ao asunto epigrafiado.

Promóvese deliberación entre os diferentes membros.

Sínálase a conveniencia de incluír unha cláusula do seguinte tenor:

“En caso de qe alguha partida dunha obra non atope un encadre directo nas distintas unidades aquí establecidas, aplicaráselle a tarifa que mais se aproxime ou asimile aos supostos tipificados”.

Rematada a deliberación a Comisión informativa por cinco votos a favor (dos membros dos Grupos BNG) e catro abstencións dos membros do Grupo Popular, Socialista e Mixto acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada nos seus propios termos co engadido da cláusula sinalada anteriormente, para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.

Non se promove deliberación por facerse súas as intervencións sinaladas no apartado anterior polos distintos intervinentes.

Sometido a votación, acórdase, en votacion ordinaria por dez votos a favor (dos membros do Grupo do BNG), unha abstención do Grupo mixto e catro votos en contra do Grupo Popular, prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa nos propios termos do mesmo.

5.-EXPEDIENTE 3735/2016 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUGUESA.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía obrante no expediente relativa ao asunto epigrafiado.

A Comisión informativa por unanimidade dos seus membros presentes acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada nos seus propios termos para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

A Corporación municipal en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á modificación proposta dos Estatutos da Mancomunidade da Mariña Luguesa no senso de modificación o artigo 1 coa inclusión do Concello de Viveiro na Mancomunidade.

6.-EXPEDIENTE 191/2017 RELATIVO A PROPOSTA CONCELEIRO DE DEPORTES DE APOIO PARA QUE OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRÁFICO INMATERIAL DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

Dase conta da Proposta da Concellaría de deportes que se transcribe:

“PROPOSTA DA CONCELLARIA DE DEPORTES.-

Vista a solicitude presentada por Ribatra Club de Bolos.

Considerando, que por esta Concellaría se estima que é un asunto importante para que os bolos sexan declarados como ben inmaterial de interese cultural-etnográfico inmaterial, dentro do patrimonio cultural de Galicia.

PROPONSE ao Pleno Municipal,

A aprobación da solicitude formulada nos termos da mesma e a remisión tal como se indica aos organismos competentes.”

A Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.”

7.- EXPEDIENTE 192/2017 RELATIVO A DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DA ALCALDÍA DE DATA 01/12/2016 ENVIADO Á DEPUTACIÓN DE LUGO SOLICITANDO O ARRANXO E MELLORA OU CESIÓNS DE TREITOS DE VIARIOS PROVINCIAIS.

Dase conta do escrito dirixido pola Alcaldía-Presidencia á Excmo. Deputación Provincial, que se transcribe:

ASUNTO: Arranxo e mellora ou cesión de treitos dos viais provinciais “**LU-P-5207**”

Núcleo de Ribadeo-Ponte de Feve” , “LU-P-5202 Núcleo de Ribadeo-A Lodeira, no encontro coa Autovía A-8” así como arranxo da capa de rodadura do resto de vias provinciais no Concello.

Benquerido Darío:

Como ben saberás, este Concello leva varios anos que abranguen a estas tres últimas corporacións municipais demandando o arranxo e mellora de distintos viarios de titularidade provincial, tanto da vila como das parroquias.

Cómpre destacar o traballo importante de renovación da capa de aglomerado que se fixo anos atrás en algún deles dos que comunican algunhas parroquias, pero tamén é certo que o resto, continúa nunha estado lamentable de conservación do seus firmes. Isto fai que sexa un perigo cada vez maior a circulación por estas estradas polo que cómpre que a Deputación Provincial continúe neste vindeiro exercicio 2017 con ese plan de aglomerados asfálticos polo resto de estradas da súa titularidade, especialmente nas parroquias de Covelas, Vilaousende, Couxela e Arante.

A petición que agora tamén se formula, pretende resumir os escritos enviados nestes últimos anos, os encontros mantidos co anterior Presidente da Deputación e contigo mesmo, os acordos Plenarios desta Corporación asumidos pola unanimidade dos seus membros, etc. no tocante aos viarios **LU-P-5202** e **LU-P-5207**.

A estrada de titularidade provincial **LU-P-5207** que une o núcleo urbano de Ribadeo coa parroquia de Covelas tense convertido nos últimos tempos ao seu paso entre a ponte da vía do tren e a rúa San Lázaro nun eixo básico de comunicación da rede de estradas municipal. Ao aumento da densidade do tráfico neste tramo de vía débese engadir o crecente número de viandantes que transitan pola zona, especialmente os usuarios das instalacións da piscina municipal, os rapaces e rapazas dos campos de fútbol, os nenos e nenas dos colexios próximos (CEIP Gregorio Sanz, IES Porta da Auga...), os peregrinos que diariamente saen da vila e sen esquecer aos veciños residentes no barrio, todo o cal converte a esta, e as rúas próximas, nun dos barrios da nosa Vila especialmente concorrido de peóns e vehículos. Cabe destacar especialmente os rapaces que entrenan no campo de fútbol ao pé da vía do tren, e que fai que teñan que “xogarse o tipo” andando polas noites por beiravías inexistentes e cruzando de xeito moi perigoso a ponte da vía do tren para chegar ao seu campo de entreno. Estas circunstancias xunto co feito do deplorable estado da vía, carente de beirarrúas, chea de fochancas e pozas... fai que a seguridade dos vehículos e dos peóns, e especialmente dos nenos e nenas que a diario a transitan, se converta nun grave risco para a súa integridade.

A estrada de titularidade provincial **LU-P-5202** que une o núcleo urbano de Ribadeo, desde a Avda. Rosalía de Castro co barrio da Lodeira, en Vilaselán e xusto até o encontro coa Autovía do Cantábrico A-8 é outro dos vias moi utilizado por tráfico rodado no seu acceso ao centro da Vila así como de uso peonil polos milleiros de persoas que viven nese grande barrio urbano como é A Lodeira e todas as rúas que o vertebran (Meniñas da Saudade, Irmáns Suárez Couto, Irmán Pérez Prieto, Illa Pancha, etc.). Os labores de conservación que minimamente está a facer a Deputación non logran mellorar minimamente a seguridade no tráfico de persoas e vehículos polo que cómpre igualmente dotalo dunha nova capa de rodadura e mellorar e ampliar as beirarrúas para maior seguridade dos viandantes.

Somos conscientes que neste mandato provincial encetado no 2015, e desde a área de Vías e Obras, deuse orde aos seus técnicos para que se achegaran a Ribadeo a estudar e valorar o custo do arranxo dos treitos referidos destes dous vias, sen que até o momento

tiveseamos mais noticias ben sobre a execución destes traballos directamente pola Deputación ou ben pola transferencia da cantidade económica necesaria para que fose o Concello, a través dun Convenio de Cesión de Viais, quen o executase directamente.

Á vista de todo o anterior, e pedíndoche un compromiso coa resolución favorable destes graves problemas, quero resumir nos seguintes tres asuntos:

- Arranxo e mellora (de xeito directo pola Deputación ou a través dun Convenio de Cesión co Concello da parte do vial) do treito “**LU-P-5207 Núcleo de Ribadeo-Ponte de Feve**” coa implementación dunha beirarrúa na ponte deste vial sobre a liña de Ferrocarril.
- Arranxo e mellora (de xeito directo pola Deputación ou a través dun Convenio de Cesión co Concello da parte do vial) do treito “**LU-P-5202 Núcleo de Ribadeo-A Lodeira, no encontro coa Autovía A-8**”.
- Arranxo e mellora do resto de viais provincial que comunican e unen ás parroquias do Concello, iniciando os traballos polas que se atopan en peor estado de conservación como son as de Covelas, Arante, Cousela e Vilaousende.

Agardando unha pronta resposta favorable despídome, aproveitando a ocasión que se me presta, para che enviar un cordial saúdo. Atentamente, Asdo. Fernando Suárez Barcia. Alcalde de Ribadeo.”

A Corporación dase por enterada.

8.- EXPEDIENTE 3641/2016 RELATIVO A INADMISIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR VALENTÍN IZQUIERDO RODRÍGUEZ CONTRA O ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2017 E CORRECCIÓN DE ERROS NO ANEXO DE PERSOAL NO POSTO 0501/U.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DECLARACIÓN DE URXENCIA.-

Pola Alcaldía dase conta da existencia dunha reclamación formulada contra o orzamento xeral desta Entidade para 2017 durante o período de exposición pública, que non foi incluída na Orde do día desta Comisión e da proposta conseguinte respecto deste asunto que se transcribirá a continuación, para a súa inclusión, de ser o caso, previa declaración de urxencia, no próximo Pleno.

Sometida a votación a urxencia do asunto acórdase declarar a mesma por unanimidade dos membros da Comisión Informativa.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, por unanimidade dos membros da Comisión Informativa, acórdase prestar aprobación á mesma nos propios termos que se transcriben:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2017 polo pleno da corporación en sesión de 20/12/2016, foi exposto ao público a efectos de reclamacións mediante anuncio no BOP de Lugo de 27/12/2016, conforme esixe o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais.

Visto que durante o período de exposición pública foi presentada unha reclamación por parte de don Valentín Izquierdo Rodríguez en data 17/01/2017 (NRE 2017-E-RC-447), relativa á denominación do seu posto de traballo no anexo de persoal que forma parte do orzamento xeral.

Visto o informe emitido polo interventor municipal en data 18/01/2017 sobre a solicitude citada no parágrafo anterior.

Considerando os seguintes fundamentos xurídicos aplicables ao caso:

Artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que recolle os interesados e supostos taxados en que se poden formular reclamacións contra a aprobación inicial do orzamento xeral

Artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que recolle a posibilidade de corrixir os erros materiais, de feito ou aritméticos recollidos nos actos e acordos das administracións públicas.

En virtude do exposto, veño a propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. – Non admitir a reclamación formulada por don Valentín Izquierdo Rodríguez en data 17/01/2017 (NRE 2017-E-RC-447), relativa á denominación do seu posto de traballo no anexo de persoal que forma parte do orzamento xeral, ao non basearse nos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Segundo. – Non obstante o anterior, corrixir o erro existente no anexo de persoal no posto “0501/U”, trocando a denominación que figura neste pola correcta de “CONSERXE-CELADOR DE INMOBLES”, e facer o mesmo no cadro de persoal que se aproba conxuntamente co Orzamento Xeral

Terceiro.- Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2017, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de acordo co artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, que se fixa en 7.863.122,41 euros.

Cuarto. - Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2017, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Impostos directos	2.741.000,00 €
2	Impostos indirectos	150.000,00 €

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	3.810.359,26 €
2	Gastos en bens correntes e	3.135.481,80 €

3	Taxas e outros ingresos	2.394.872,63 €
4	Transferencias correntes	2.760.612,66 €
5	Ingresos patrimoniais	13.816,43 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	335.229,34 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos Financeiros	350.000,00 €
Total Estado de Ingresos		8.772.576,60 €

	servizos	
3	Gastos financeiros	51.800,00 €
4	Transferencias correntes	236.010,00 €
5	Continxencias	40.000,00 €
6	Investimentos reais	1.172.762,39 €
7	Transferencias de capital	76.601,14 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos financeiros	222.516,47 €
Total Estado de Gastos		8.772.576,60 €

Quinto. – Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento asinadas con data 05/12/2016, constando estas de cincuenta e seis artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.

Sexto. - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2017 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE RIBADEO

ORZAMENTO XERAL DE 2017

Artigo 90.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL

PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓNS
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1.- SECRETARIO/A	1	1	A1	Vacante
1.2.- INTERVENTOR/A	1	---	A1	
1.3.- TESOUREIRO/A	1	1	A1	Vacante
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL				

2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
2.2.1.- TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL	1	---	A1	
2.2.2.- TÉCNICO DE XESTIÓN	1	1	A2	Cuberta Interinidade
2.2.3.- ADMINISTRATIVO SECRETARIA	2	---	C1	
2.2.4.- ADMINISTRATIVO SERVIZOS ECONÓMICOS	1	---	C1	
2.2.5.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1	
2.2.6.- ADMINISTRATIVO (RENDAS-EXACCIÓNS)	1	---	C1	
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES				
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	1	1	C2	Cuberta Interinidade
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS				
2.4.1.- ORDENANZA	1	1	E (AA.PP)	Vacante
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1	
3.1.2.- APARELLADOR	1	1	A2	Cuberta interinidade
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS				
3.2.1.- POLICÍA LOCAL				
3.2.1.1.- INSPECTOR XEFE	1	---	A2	
3.2.1.2.- AXENTE POLICÍA	11	1	C1	1 Vacante
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS				
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C2	
3.2.2.2.- OFICIAL OBRAS	2	---	C2	
3.3.- INMOBLES ESCOLARES				

3.3.1.- CONSERXE-CELADOR INMOBLES	1	---	E (AA.PP)	
TOTAL	30	7	---	

PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO (ASIMIL.)	OBSERVACIÓNS
1.DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA				
UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO				
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
2.DEPARTAMENTO DE OBRAS, CEMITERIO, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES				
UNIDADE DE OBRAS				
ARQUITECTO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	A1	
ADMINISTRATIVO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	C1	
OFICIAL ENCARGADO OBRAS	1	---	C2	
OFICIAL OBRAS	1	---	E (AA.PP)	
OPERARIO OBRAS- SERVIZOS MÚLTIPLES	2	---	C2	
CONDUTOR PALA RETROESCAVADORA	1	---	C2	
UNIDADE DE CEMITERIO- SERVIZOS FUNERARIOS				
PEÓN COVEIRO	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial. Cuberta interinidade
UNIDADE DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE				
XEFE GRUPO MEDIO AMBIENTE	1	---	C2	
CONDUTOR MECÁNICO	1	1	C2	Cuberta interinidade

OFICIAL CONDUTOR	1	1	C2	Cuberta interinidade
CONDUTOR RECOLLIDA ENSERES	1	---	C2	
CONDUTOR VEHÍCULOS MUNICIPAIS	1	1	C2	Vacante (1)
OPERARIOS SERVIZO RECOLLEITA	2	2	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
OPERARIOS SERVIZO LIMPEZA	9	4	E (AA.PP)	Laboral Indefinido (3) Vacantes (1)
OPERARIO XARDINERÍA	1	---	E (AA.PP)	
OPERARIOS XARDINERÍA -SERV. MULTIPLES	4	3	E (AA.PP)	Vacantes (3)
CHOFER DESBROZADORA	1	1	C2	Laboral indefinido
UNIDADE SERVIZOS MANTEMENTO				
ELECTRICISTA	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial Vacante(1)
AUXILIAR ELECTRICISTA	1	---	C2	
3.DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS				
TRABALLADOR SOCIAL	2	1	A2	Laboral Indefinido (1) Vinculado a subvención
EDUCADOR FAMILIAR	1	---	A2	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	12	12	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
AUXILIAR PISOS TUTELADOS	2	2	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
PSICÓLOGO SERVIZO DROGODEPENDENCIA	1	---	A1	
AVOGADA/O CENTRO INFORMACIÓN MULLER	1	---	A1	
4.DEPARTAMENTO DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL				
UNIDADE DE CULTURA				

TÉCNICO DE CULTURA	1	1	A2	Laboral Indefinido
TÉCNICO INFORMACIÓN XUVENIL	1	---	A2	
AUXILIAR OFICINA TURISMO	1	1	C2	Cuberta interina
BIBLIOTECARIA MUNICIPAL	1	---	A2	
LIMPADORA BIBLIOTECA MUNICIPAL	1	---	E (AA.PP)	Media xornada
UNIDADE DEPARTAMENTO DE DEPORTES				
RESPONSABLE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	1	C2	Vacante (1)
MONITOR DEPORTES	1	1	C2	Laboral Indefinido
UNIDADE DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR				
AUXILIAR O.M.I.C.	1	---	C2	
UNIDADE DE MÚSICA				
PROFESORES ESCOLA DE MUSICA	9	7	A2	Fixos discontinuos (2); Laboral Indefinido (3); Interinos (2); Vacantes (2)
UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL				
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	---	A1	
TOTAL	71	41		

Sétimo. –Ordenar a inserción do resumo por capítulos do orzamento definitivamente aprobado no BOP de Lugo xunto co cadro de persoal deste concello, non entrando en vixencia ata que dita publicación se realice, de acordo co disposto no artigo 169.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Oitavo. –Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á administración do estado e á comunidade autónoma, de acordo co disposto no artigo 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Noveno. – Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de

dous meses a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP, de acordo co disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

A Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda:

1º.-Prestar aprobación ao ditame da Comisión nos seus propios termos.

2º.-Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites, ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

DECLARACION DE URXENCIA.-

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 02/2017 do Orzamento Xeral prorrogado do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 23/01/2017 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente para atender as necesidades de carácter inaprazable relativas a gastos imprescindibles para a posta en marcha do Centro de Atención a Maiores do Concello de Ribadeo, en concreto no referente á demolición da edificación existente no predio contiguo e integración deste no conxunto do centro, así como complementar a achega recibida da Deputación de Lugo para a dotación do mobiliario preciso para a posta en marcha do centro, cuxo importe definitivo aínda non se atopa pechado, e outras posibles incidencias que podan xurdir.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de trescentos trinta e tres mil trescentos sesenta e dous euros e quince céntimos (333.362,15 €), e finánciase co importe non disposto do préstamo concertado en 2016 para o remate das obras e equipamento do Centro de Atención a Maiores, adxudicado por Resolución de Alcaldía de data 28/07/2016. O importe en cuestión coincide co total dispoñible do préstamo, aínda que a intención é non empregalo na súa totalidade. Non obstante cómpre lembrar que por exemplo aínda no está pechado o importe definitivo que corresponde á licitación do mobiliario e que de inicio non estaba previsto o derrubo da vivenda de profesores que resta, polo que por seguridade óptase por consignalo na súa totalidade, en previsión dalgunha outra posible eventualidade

Visto o informe de Intervención emitido o día 23/01/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 02/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de de trescentos trinta e tres mil trescentos sesenta e dous euros e quince céntimos (333.362,15 €), na modalidade de crédito extraordinario financiado cunha operación de crédito xa concertada en 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 02 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
0114.312.62200.	Servizos asistenciais e centros de saúde. Inversións en edificios e outras construcións	0,00	254.362,15	254.362,15
0114.312.62500.	Servizos asistenciais e centros de saúde. Inversións en mobiliario para funcionamento servizos	0,00	79.000,00	79.000,00
Total expediente de modificación de crédito 02/2017				333.362,15

- FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
0114.91300	Préstamos a l/p do sector privado	0,00	333.362,15	333.362,15
Total expediente de modificación de crédito 02/2017				333.362,15

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda declarar a urxencia do asunto, pasándose de seguido ao estudo do mesmo.

O Sr. nterventor puntualiza sobre a proposta e sen promoverse máis deliberación a Corporación, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía sinalada nos proopios termos da mesma.

9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE 16 DE OUTUBRO E O 15 DE DECEMBRO DE 2016 (EXPTE. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.

***MOCIÓNS:**

1. DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RIBADEO INSTANDO A DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO A INCLUIR NOS PRESUPOSTOS DA INSTITUCIÓN PARA O VINDEIRO EXERCICIO DO 2017 QUE PERMITA A REPARACIÓN URXENTE DE VÍAS DA SÚA TITULARIDADE.

DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporación dase por enterada das Resolucións da Alcaldía ditadas no exercicio das súas competencias que se sinalan no epígrafe.

1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RIBADEO INSTANDO A DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO A INCLUIR NOS PRESUPOSTOS DA INSTITUCIÓN PARA O VINDEIRO EXERCICIO DO 2017 QUE PERMITA A REPARACIÓN URXENTE DE VÍAS DA SÚA TITULARIDADE.

D.Jesús López Penabad explica os motivos da súa moción, e aclara que non se refire só as vías de saída de Ribadeo, se non tamén ao arranxo da Rúa de entrada a Vilela, considerándoo moi urxente porque é moi concorrida e estreita. Manifesta que lle parecen perigosas esas vías e que ve preciso tamén que se adecente e se dote de mobiliario urbano. Comenta que xa presentaran unha moción similar, pero que como novidade engaden que queren que isto se engada nos próximos Presupostos da Deputación, polo que pretenden que o Concello inste a dito organismo a facelo.

Don Fernando Suárez dille que eles xa pediron o mesmo e non só referente a esas zonas, se non incluíndo o resto de parroquias, xa que as ven deterioradas e abandonadas dende fai anos. Explica que o ano anterior e este xa se manifestaron sobre este tema, que se sinten abandonados neste asunto e que cando estivo o PP na Deputación puido haber asinado convenios con Ribadeo, igual que o fixo con outros Concellos, pero que iso non pasou.

Indica a súa intención de apoiar a moción e di que lle están a pedir á Deputación que lles conceda a obra co diñeiro suficiente para facela ou ben que a amañe directamente. Comenta todas as obras que pretenden acometer e reitera o seu apoio á moción.

D. Jesús López agradece o apoio e comenta que é una necesidade que ven todos.

Sometida a votación, acórdase por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria prestar aprobación á moción de referencia obrante no expediente e a súa remisión á

Deputación Provincial aos efectos que na mesma se expresan.

ROGOS E PREGUNTAS.

DO GRUPO MIXTO.-

Dona Marta María Saiz García indica que non ten ningún rogo nin pregunta.

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

Intervén o Concelleiro D. José María García Suárez que comenta que pola zona do Cargadoiro e Vilaselán hai persoas paseando pola noite sen chaleco nin refractante ningún, o cal é perigoso e sancionable, e que non hai ningunha autoridade para a avisalos. Por outra parte, di que hai, polo casco urbano, nenos circulando en bici sen sinalización e sen proteccións. Pide que se tome algún tipo de medida coa Garda Civil e a Policía Local.

O Concelleiro D. José Juan Estevez Fernández refírese ao Pavillón vello e manifesta que polos deportes que se practican alí está deteriorado e que non funcionan todas as duchas.

A Concelleira Dona María Rosina Tosar López manifesta que hai moitas zonas do casco urbano que non teñen servizo de Gas Natural e di que os veciños preguntan que cando disporán dese servizo. Indica que na súa zona, en Recarey, se fixo o cambio a Gas Natural e que se notou unha redución significativa na factura de consumo.

Por último o Concelleiro do Grupo Popular D. Jesús López Penabad manifesta que últimamente houbo cambios referente ao posto de Tesourería e pide que lle expliquen se iso vai traer algún problema ou inconveniente nos pagos.

O Sr. Alcalde resposta de xeito individual a todos as preguntas formuladas e rogos e referente a que a xente pasea se chaleco, di que el tamén o veu, pero que tamén hai xente que pasea con linternas ou con outros medios de sinalización, que hai de todo. Recorda que fai 3 ou 4 anos se fixera unha campaña polas parroquias promovida pola DGT que consistía na colaboración pola Policía Local, na cal se proxectaban videos e se daban chalecos para cada asistente. Opina que sería bo volver a dirixirse a Tráfico para pedir unas novas campañas.

Referente aos nenos que andan en bici sen sinalización pola noite, indica que falará coa Policía Local para que lles indique que pola noite teñen que ir con luces.

Referente ao Pavillón deportivo vello cédelle a palabra ao Concelleiro de Deportes para que explique como está o tema.

O Concelleiro Delegado Sr. Rivas Peña explica que as duchas levan dando problemas tempo e que este ano se fixo unha inversión para comprar pezas e arranxalas. Indica que se aínda non foi o técnico facer o arranxo que non se tardará moito en facer.

Respecto ás queixas polo estado do parquet do chan, sinala a súa estrañeza porque xusto este fin de semana estivo reunido no pavillón con técnicos e xogadores da Rioxa, os cales opinaron que estaba en bo estado.

O Concelleiro do Grupo Popular Sr. Estevez Fernández di que él non estivo dentro, que so transmite as queixas que lle chegaron.

D. David Rivas contéstalle que él non entende de parquets, pero que lle sorprende a queixa.

O Sr. Alcalde, continúa respostando e en relación á pregunta da señora Tosar López indica que hai dúas posibles problemáticas: Unha é o Concello non pon o gas nin pode obrigar a que se amplie a rede, que iso depende dunha operadora privada que funciona según a súa conveniencia económica. Explica que lle indican a todas as empresas suministradoras, cada vez que se fai unha obra, que teñen posibilidade de instalar tubos e as redes porque o Concello vai levantar o chan... as cales moitas veces non queren porque nese momento non lles convén, pero que tempo despois, cando lles parece convinte, piden permiso para facer acometidas e zanxas.

Indica que un segundo problema é cando as empresas lle piden ao Concello facer acometidas e zanxas en zonas dispersas cando xa está a obra rematada. Di que cando se trata de zonas que están deterioradas non acostuma a existir problemas, pero que cando están razoablemente ben lles doe moito ter que facelo; por iso, Gas Natural, a través da súa concesionaria, queren abrir e gastar a o menos posible, e que ahí é onde xurden as discrepancias, xa que nunha zona que xa está recentemente amañada a empresa vai ter que gastar máis para deixar todo no estado correcto que estaba.

Indica que hai varias zonas nas que estivo parada a instalación, pero que lle parece que agora xa se está a normalizar a situación.

Explica que non se pode tolerar que nunha rúa que se amañou fai poucos anos, na cal non quixeran poñer nada, agora queiran facerlles cortes importantes, polo que lles din que para facer a acometida teñen que volver a repoñer o estado da rúa, incluso tendo que asfaltala toda se é preciso.

Di que tamén advirteu á empresa para que non culpe ao Concello diante dos veciños pola falta de suministro, xa que nese caso lle explicarán a verdade aos veciños e se tomarán medidas. Indica que a empresa lles comunicou que non querían problemas e que se adaptarían aos requisitos; que incluso a semana pasada a empresa se reuniu co Arquitecto Municipal.

Comenta que a empresa non lle repercute as obras aos veciños e que so lles cobran polo servizo, pero que iso xa é política de empresa.

Explica tamén que en gobernos anteriores si deixaron facer zanxas e repisados, o cal non quedou ben. Que agora queren que a zona onde se instale o gas quede ben e non todo reventado e estropeado. Indica que a empresa que instala o gas é a que se ten que facer cargo de amañar os estragos; sinalando que ao comezo a empresa suministradora sigueu unha política perversa de culpar ao Concello da falta de suministro, pero que a advertiron e parou.

Que fai anos pasou algo similar coa empresa R, que comezou a cablear sen encomendarse a ningún, e foi expedientada e se lle paralizou a obra ata que cumpriron coa normativa e pagaron as taxas.

Fai un ano, indica, na Rúa Amador Fernández, os de Telefónica ían cambiar os postes sen pedir permiso, que xa viñan co camiión cargado de postes, pero que se lles parou e se lles fixo pedir os permisos e informes pertinentes.

Reitera que cada vez que se fan obras e abren o chan nas rúas se lles comunica ás empresas e que poñen tubos, os cales a maior parte das veces paga o Concello, pero que normalmente as empresas non soterran os cables porque din que non teñen cartos, o cal lles da moita rabia porque invirten en amañar as rúas pero as empresas non soterran os suministros e sigue habendo cables colgados.

Referente a Begasa, di que esta empresa lle prometeu a ver se poñían unha ou dúas rúas cos cables soterrados.

Indica que non queren fastidiar aos veciños, pero que tampouco poden usar aos veciños de escudos, xa que non van romper rúas que están ben amañadas cando no seu momento se lles

ofreceu aos operadores si querían dispoñer.

Por último refírese aos movementos no posto de Tesoureiro municipal, explica que o Estado o meteu no concurso sen decirlles nada, pero que xa se levou a Pleno e se lle atribuíron funcións e soldo na RPT. Indica que ningún a quere, ningún técnico, porque opinan que foron moi poucos e rácanos en consignar os salarios.

Explica que lle indicou á Xunta que a praza estaba creada pero que ninguén viña para ela, polo que lle solicitaron que enviasen a alguén que sexa Habilitado Nacional ou que se non lle volvesen a habilitar accidentalmente á persoa que estaba a facer as funcións. Indica que a Xunta optou pola segunda opción, a pesar de que non teña o grupo A, xa que no Concello non hai ningunha persoa dese grupo capacitado para as funcións de tesorería.

Indica que cando o posto se cubra a través dos procedementos legais, terá que ser por un habilitado nacional e que ademáis lle enviaron correos aos Colexios Oficiais de Secretarios e Interventores para buscar a alguén que queira vir. Indica que opinan que pagan moi pouco e que lles recomendaron levar a Pleno a suba do salario.

Recoñece que o mellor hai que optar por esa opción, xa que no día a día hai problemas por ter pouco persoal administrativo nesa área, polo que se relentizan determinados trámites.

D.Jesús López pregunta se o salario está estipulado ou se se pode facer unha comparativa cun concello de poboación similar.

O Sr. Interventor explica que o complemento de destino está entre unhos baremos que marca a lei e que o complemento específico depende do carácter da praza, o cal se puxo similar ao da persoa que estaba a ocupar esas funcións; di que se lles explicou que nesta zona non había moita xente que puidese cubrir a praza, polo que vir implicaría desprazamentos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE